

# DECRETO

**Expediente núm.:** 755/2024

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Festas (Planificación, Organización ou Celebración)

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

### *ANTECEDENTES*

1. O mercado de Nadal é unha oportunidade para promocionar o mercado dos sábados, ampliando a oferta de produto para que as persoas asistentes teñan a oportunidade de comprar para os seus, na que desexamos ofrecer aos asistentes un ambiente agradable e lúdico, no que poidan desfrutar da calidade e o saber facer dos produtores. **O VI Mercado de Nadal terá lugar o 14 de decembro de 2024** no recinto feiral do Concello de Moeche, desde as 10:00 horas ata as 19:00 horas.

2. Para os efectos da súa ordenación no espazo habilitado para a súa celebración, é necesaria a aprobación dunhas bases de participación.

De conformidade co establecido no artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

## RESOLUCIÓN

### RESOLVO:

- Aprobar as bases de participación e o modelo de solicitude do **VI Mercado de Nadal 2024** que se achegan como anexo.
- Destas bases darase publicidade para o coñecemento xeral na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Moeche, ( na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras

## RECURSOS/ALEGACIÓNS



Contra a Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e computándose os prazos de conformidade co establecido na Disposición adicional décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante Xulgado Contencioso Administrativo de Ferrol no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



## ANEXO I

### Bases de participación no VI Mercado de Nadal de Moeche

1. O mercado de Nadal é unha oportunidade para promocionar o mercado dos sábados, ampliando a oferta de produto para que as persoas asistentes teñan a oportunidade de comprar para os seus , na que desexamos ofrecer aos asistentes un ambiente agradable e lúdico, no que poidan desfrutar da calidade e o saber facer dos produtores.
2. O **VI Mercado de Nadal terá lugar o 14 de decembro de 2024** no recinto feiral do Concello de Moeche, **desde as 10:00 horas ata as 19:00 horas**.
3. As persoas interesadas en participar deberán solicitar a súa inscrición a través da sede electrónica do Concello de Moeche <https://moeche.sedelectronica.gal/info.o> . O **prazo de inscrición vai desde o día 22/11/2024 ata o día 05/12/2024**. Confirmaráselles a súa participación a través do enderezo electrónico que indiquen na solicitude. As solicitudes serán atendidas por orde de chegada, tendo preferencia os postos que participasen noutras edicións e dentro destas as que o fixesen de forma contínua.
4. A **documentación** que deben presentar é a seguinte:
  - > Se é a primeira vez que asiste, deberá achegar xunto coa solicitude ( anexo II) e a declaración responsable ( anexo III) unha copia do rexistro sanitario dos seus produtos, carné de manipulador de alimentos, a copia da póliza do Seguro de Responsabilidade Civil vixente e vinculado á actividade que vai desenvolver e o xustificante de pagamento, o certificado de situación censal de Facenda (ou alta no epígrafe correspondente), acreditación de estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou no IAE e, no caso de persoas estranxeiras, dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles.
  - > As persoas que xa veñen habitualmente ao mercado de Nadal, deberán cubrir e asinar ademais da solicitude ( ANEXO II), a declaración responsable ( ANEXO III).

5. Establécense as seguintes cotas de inscrición para o "VI Mercado de Nadal":

Posto que ocupe 4 metros lineais ou menos: 8,00 €

Posto que ocupe máis de 4 metros lineais: 15,00 €

Quedan **excluídas** do pagamento da cota de inscrición aqueles postos que xa paguen a cota polo mercado dos sábados e aqueles de exposición. A cota inclúe o dereito a participar e de ser necesario a mesa ou mostrador para exposición ou dereito a conexión eléctrica (deberase indicar na solicitude).

O **pagamento** farase unha vez recibida a confirmación de participación, **nun prazo máximo de 3 días naturais desde a recepción da mesma**. No pagamento deberase facer constar nome e apelidos da persoa participante ou razón social. A cota deberase pagar na Casa do Concello mediante tarxeta bancaria ou directamente na conta bancaria do Concello de Moeche : ABANCA ES65 2080 0210 1731 1000 0016.

4. As persoas participantes no "VI Mercado de Nadal de Moeche" comprométese a asistir o día 14 de decembro de 2024, a teren o seu posto aberto en horario de atención ao público



de 10:00 a 19:00 horas e comprométense a coidar a presentación do seu posto e do seu produto durante toda a xornada e a entregar con cada compra unha papeleta para participar nos sorteos que se celebrarán ao longo da xornada (facilitadas polo concello).

5. As persoas participantes no "VI Mercado de Nadal de Moeche" comprométense a aportar 1 produto do seu posto para a elaboración dos lotes de produtos para sortear. Recoméndase, sempre que sexa posible, que o produto leve algún distintivo (tarxeta, logo, pegatina, etc) que permita identificar a que posto pertence. A aportación debe estar preparada para que membros da organización o recollan antes das 11:00 h.

6. O recinto estará aberto para a montaxe dos postos desde as 08:30 h.



**ANEXO II****SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO VI MERCADO DE NADAL DO CONCELLO DE MOECHE.****14 DE DECEMBRO DE 2024**

NOME COMERCIAL
Nome e apelidos
DNI
Teléfono
Dirección
Correo electrónico

**EXPOÑO:**

1. Que estou interesado/a en colocar un posto no VI Mercado de Nadal 2024 do día 14/12/2024

Características do Posto
Ten posto propio ? (indique se trae o seu posto ou lle temos que proporcionar unha mesa de 2m ou mostrador de madeira con 3 escalóns de 1m de ancho) <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON
N.º de metros que necesita:
Precisa electricidade? <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
<b>Notas:</b> Se indica que precisa electricidade, terá dereito a conexión á mesma, mais é recomendable traer alargadeira propia para asegurar que chega aos puntos de conexión habilitados.
O mercado vai ser nunha nave cuberta polo que os postos non poden ser nin con toldos, nin con cubertas.

Por todo isto, **SOLICITO:****Participar no VI Mercado de Nadal do Concello de Moeche, que terá lugar o 14/12/2024.**

**Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos.** Información básica sobre protección de datos Responsable Concello de Moeche Finalidade Tramitar procedementos e actuacións administrativas. Lexitimación Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade. Destinatarios Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países. Dereitos Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional. Información Adicional Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección <https://moeche.sedelectronica.gal/privacy>

Firma PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Moeche,        de        de 2024

O/A solicitante

**Asdo.:**

**ANEXO III**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE.**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos/ Razón social		NIF/NIE/CIF/DNI	
Domicilio para os efectos de notificacións			
Código Postal	Localidade	Municipio	Provincia
Teléfono(s)		Correo electrónico	

DECLARACIÓN RESPONSABLE

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Que posúo o Seguro de Responsabilidade Civil vixente vinculado á actividade que vou desenvolver no VI Mercado de Nadal do día 14/12/2024.</li> <li>• Que me comprometo a manter a póliza de seguro de responsabilidad civil coas coberturas e condicións esixidas durante a totalidade da duración do Mercado.</li> <li>• Que me comprometo ao cumprimento das obrigas de hixiene e seguridade alimentaria e a cumprir cos requisitos da regulamentación dos produtos que comercializo.</li> <li>• Que acepto cantas obrigas se deriven destas bases reguladoras e dos acordos municipais ao respecto.</li> <li>• Que estou ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, tanto estatais e autonómicas e coa <input type="checkbox"/> Seguridade Social.</li> </ul>
--

**Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos.** Información básica sobre protección de datos Responsable Concello de Moeche Finalidade Tramitar procedementos e actuacións administrativas. Lexitimación Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade. Destinatarios Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países. Dereitos Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional. Información Adicional Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección <https://moeche.sedelectronica.gal/privacy> Firma PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos dosolicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Moeche, o            de            de 2024  
O solicitante.



